



E.O.E. de Lugo

A EDUCACIÓN NO TEMPO DE CONFINAMIENTO

EQUIPO DE ORIENTACION ESPECÍFICO

Como servizo de **asesoramento** e **colaboración** cos Departamentos de Orientación, nestes momentos queremos lembrar que estamos para axudar en todo o que precisedes e estea nos nosas mans.

Así mesmo, lembrar que os cauces habituais (solicitud de intervención) seguen habilitados e que as demandas serán atendidas dentro das nosas posibilidades, sempre que non requiran de intervención directa co alumnado. Do mesmo xeito, estamos á vosa disposición nos correos electrónicos corporativos, **sempre a través do Orientador/a**

E.O.E. - eoelugo@edu.xunta.es

Sobredotación Intelectual: pardeirolopez@edu.xunta.es

TEA: mariaguerreiromunoz@edu.xunta.gal

Trastornos de Conduta: martabarriosestoa@edu.xunta.es

Audición e Linguaxe: campos@edu.xunta.gal

Discapacidades Sensoriais: fina@edu.xunta.es

Discapacidades Motóricas: nila@edu.xunta.gal

Traballo Social: anasanderodriguez@edu.xunta.es

E.O.E.

D.O.

FAMILIAS

PROFESORADO

COMUNICACIÓN

COMUNICACIÓN

GESTIÓN
EMOCIONAL

INCLUSIÓN/
NEAE

ORGANIZACIÓN/
RUTINAS

ACTIVIDADES

AVALIACIÓN

FAMILIAS

COMUNICACIÓN

- A. Manter unha **comunicación** o máis **flúida** posible co profesorado.
- B. Comunicación sempre en **positivo** e de modo construtivo.
- C. Atención e Control ao uso das redes sociais e tecnoloxías por parte dos menores...

XESTIÓN EMOCIONAL

ESTRATEGIAS QUE PODEN AXUDAR A MANTER A CALMA

- A. Explicarlles a situación de forma breve afectiva e adecuada á idade.
- B. Transmitirle ao neno/a moito afecto, pero sobretudo seguridade e calma non sobrepoñéndoos ás dificultades familiares, laborais, económicas que poidan derivar desta situación.

- C. Permitir que poida expresar libremente as súas emocións, tanto positivas como negativas, e normalizalas.
- D. Buscar a lectura positiva desta situación: *É unha oportunidade para estar xuntos, para aprender cousas novas, para descubrir novas formas de traballo, para minimizar o estrés diario... É una oportunidade de descubrir novos valores sociais como a solidariedade, a empatía, axuda, amizade, traballo en equipo, aprender a diferenciar as cousas imprescindibles das superfluas...*
- E. Ter en conta que os pais non sodes docentes polo que debedes manter a calma ante o traballo escolar, non agobiarse nin agobiar aos nenos e nenas xa que pode prexudicar as relacións familiares.
- F. Ter en conta o ritmo do neno ou nena.
- G. escoitar ás vosas fillas e fillos cando non teñan ganas de traballar e tratar de non forzar a situación.
- H. Alternar actividades escolares con outras lúdicas.
- I. Aproveitar para aprender a respectar os espazos e tempos de cada un dos membros da familia.
- J. Aprenderlles a xestionar o seu tempo de ocio. Deixar espazo para que descubran por sí mesmos formas de entretemento sen depender sempre das propostas dos adultos.
- K. Procurar que haxa momentos para todo, para traballar, para xogar, para descansar...
- L. Axudarlles a aprender a aprender.

COMO VAI SER A VOLTA?

O feito de que inicialmente haxa que modificar hábitos sociais e de relación interpersoais como non tocarse ou non bicarse, algo tan arraigado na nosa cultura, tamén pode ser un problema ao inicio, o mesmo que levar máscara, ou outras proteccións. Son situacións que poden xerar certas dificultades e a necesidade de readaptar os esquemas mentais ás novas formas de relación social; é necesario traballar nisto para evitar problemas de adaptación. Como preparar aos nenos e nenas?

1. Explicarlles a importancia de adoptar medidas de hixiene máis estrictas pero sen dramatismos nin alarmismos.
2. Facelos partícipes a través dalgunha estratexia, como choiva de ideas, de que aporten ideas de como mellorar as nosas relacións cos demais tendo en conta a nova situación, formas alternativas de mostrar afecto, de xogar, de comunicarse cos demais, facéndolles ver que estes cambios non teñen por que ser negativos.
3. Preparalos tamén para as posibles reaccións que podamos atopar nos demais; é posible que inicialmente haxa certo "histerismo coa limpeza " que provoque reaccións desproporcionadas.

PREPARACIÓN PARA O FIN DO CONFINAMENTO

Ter en conta o tempo que os nenos/as levan na casa porque a saída pode xerarlles inicialmente reaccións negativas coma ansiedade, medos, fobias, estrés,... os nenos e nenas pequenas ou moi apegados ao entorno familiar poden sufrir por separarse da familia e voltar ás rutinas anteriores (de cara ao vindeiro curso) é importante explicarlles que isto é unha situación de emerxencia sanitaria pero que todo, pouco a pouco, se vai a ir normalizando, mesmo a súa vida. Os nenos/as máis introvertidos poden experimentar certa ansiedade social ao ter que retomar as relacións cos iguais ou incluso os nenos/as que sofren unha situación de estrés nos centros escolares (posibles casos de acoso, fracaso escolar, aversión á escola...); é necesario ter en conta estas particularidades e ofrecer soporte emocional ao alumnado e ás familias que non sexan capaces de abordar esta dificultade.

Como preparar aos nenos/as

1. Indicarlles que estamos nunha situación transitoria de alarma que afortunadamente terá un fin e que isto será indicativo de que as cousas van mellor.
2. Facerlles ver a importancia de que todos volamos ás nosas rutinas para que a vida poida continuar e que o noso estado natural non é o actual.
3. A vida social, o traballo, a escola, beneficia o noso equilibrio emocional.

4. A importancia de volver a ver aos seus compañeiros e compañeiras, ao profesorado, recordándolles anécdotas ou situacións vividas con eles e que lles resulten gratificantes.
5. O feito de poder comunicarse cos seus compañeiros e compañeiras e co profesorado polos medios dispoñibles axudará a normalizar as relacións.

ORGANIZACIÓN/RUTINAS

- A. Establecer e **manter horarios** (levantarse, aseo, almorzo, traballo, xogar, comer, deitarse,...).
- B. Vestirse e cambiar de roupa (non estar sempre en pixama).
- C. Realización de actividades conxuntas entre a familia.
- D. Dosificar a información sobre a actualidade.
- E. Realización de actividade física e actividades de meditación e relaxación.
- F. Diferenciar as fins de semana e festivos dos días laborais, para que non exista unha perda da noción de tempo e se manteñan rutinas.

- G. Realización de actividades artísticas, plásticas, culturais e/ou creativas que sexan motivantes e, de ser posible, compartilas en familia.

- H. En función das idades dos nenos/as compartir as obrigas familiares (facer camas, poñer a mesa, dobrar a roupa, cociñar...) e poñelas en valor.

PROFESORADO

COMUNICACIÓN

- A. Manter comunicación fluída e continua coas familias e o alumnado.
- B. Manter comunicación continua e estreita entre todo o profesorado, e coordinar o tipo de tarefas e a cantidade das mesmas para non saturar ao alumnado e ás familias.
- C. Establecer diferentes canles e **HORARIOS** de comunicación. Asegurarnos de que **CHEGUEN A TODAS/OS** (MAIL, WHATSAPP, TELEFONO, WEBEX, SKYPE,...). Ao mesmo tempo, o equipo de profesorado de cada grupo, decidirá a canle que vai empregar para non enleiar ás familias no acceso á información.
- D. Ter en conta a importancia da educación emocional nesta situación e reflexionar como a presente situación está a influír na capacidade de motivación, concentración e estudo.
- E. Explicación das tarefas de forma sinxela e clara, que sexa comprensible á primeira, tanto polo alumnado como polas familias, sen necesidade de repetición. Utilizar

apoios visuais e audiovisuais (vídeos, fotografías, debuxos, ...)

INCLUSIÓN

- A. Coñecer a situación actual e evolución de todo o alumnado NEAE, así como coñecer a situación das familias e a súas inquedanzas a nivel educativo.
- B. A titora/or debe de ter en conta ao alumnado NEAE á hora de planificar as actividades e, de ser o caso, estar en coordinación continua co profesorado de apoio (PT/AL) e que non recaia a responsabilidade só neste último.
- C. Contacto da orientadora coas familias e alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, especialmente nos casos máis vulnerables.
- D. Contacto PT e AL co seu alumnado (realización de videochamadas se é posible).
- E. Ter en conta a este alumnado á hora de realizar a proposta de actividades.
- F. Prestar especial atención á situación de todas as familias para que non existan situacións de exclusión e illamento (familias desfavorecidas, familias sen recursos informáticos, en situación de exclusión social,...) e poder proporcionar a resposta axeitada, ou no seu caso poñer

en coñecemento de outras instancias que deban intervir na situación.

ACTIVIDADES

- A. Propor actividades constructivas, significativas e relacionadas coa vida cotiá e ter en conta a situación actual.
- B. Propor actividades comúns para todos os niveis (que poidan facer conxuntamente irmáns de diferentes idades).
- C. Fomentar a titoría entre iguais/irmáns.
- D. Procurar realizar actividades motivantes e de reforzo de competencias. Pódense presentar en forma de retos para resolver, tratar de realizar traballos en equipo ou parellas, realizar algún proxecto colaborativo,...
- E. No caso de propor actividades que precisen impresora (moitas familias non contan con impresora, e as que contan igual non teñen facilidade para adquirir consumibles) asegurarnos de se existe algún xeito de axudalas a conseguir esas actividades, como pode ser a oferta do concello ou algunha organización, para facilitar a impresión dos materiais propostos polas centros educativos.

- F. Ter en conta os tempos, non propor actividades que ocupen toda unha xornada escolar, posto que non todas as familias dispoñen dese tempo para traballar cos nenos e nenas.
- G. Propor exclusivamente actividades que non precisen de recursos informáticos, posto que hay familias que non contan con eles ou as que contan con eles, poden precisalos para o teletraballo.

AVALIACIÓN

Todo acto educativo cómpre ser avaliado, o que non implica ter que outorgarlle unha cualificación. Consideramos que o traballo realizado ou non realizado durante o tempo de confinamento nunca deberá perxudicar ao alumno/a.

- A. Non confundir **Avaliación en Positivo** con **Avaliación Positiva**.
- B. Só o primeiro e segundo trimestre serán avaliados polo traballo feito no centro educativo.
- C. Cómpre lembrar que a avaliación debe ser **formativa** e **continua**, así como por **competencias**. Nesta situación máis que nunca debemos telo especialmente en conta.
- D. Dar a coñecer ao alumnado e ás familias as modificacións feitas nas programacións.

ENLACES DE INTERESE

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLIJsbfJFGKZG1ZpVqaXK-ECqTHp3G5XGsv> (Canle de Youtube do Colexio Oficial de Psicólogos de Madrid)

<http://www.educacionyfp.gob.es/prensa/actualidad/2020/03/20200323-aprendoencasa.html> (Paxina do Ministerio con materiais e recursos)

<https://www.patapato.es/#/web/articulo/44?mostrarVolver=true> (Recursos culturais gratuítos)

http://ieselaios.catedu.es/orientacion/_trashed-2/ (Departamento de Orientación dun IES Catalán, con material interesante)

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/>

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/educacion-emocional/>

<http://www.clubpequeslectores.com/2015/06/trabajando-las-emociones-recursos-educativos.html>

<http://recursosedu.blogspot.com/2008/04/recursos-de-matematicas-y-lengua.html>

<http://roble.pntic.mec.es/arum0010/>

<https://www.orientacionandujar.es/>

<https://webdelmaestro.com/recursos-trabajar-la-psicomotricidad-fina/>

<https://www.aulapt.org/tag/motricidad-gruesa/>

<https://orientacionjuanadevega.blogspot.com/?m=1>

<https://orientacioncondesa.blogspot.com/?m=1>

<https://monicadizorienta.blogspot.com/?m=1>

<https://www.copmadrid.org/web/publicaciones/rosa-contra-el-virus-cuento-para-explicar-a-los-ninos-y-ninas-el-coronavirus-y-otros-posibles-virus> (Conto para explicar o coronavirus aos nenos)

<https://downgalicia.org/es/punto-virtual/recursos-educativos/>

<https://agadix.es/es-es/>

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/recursos-dislexia-alumnos/>

<http://www.educatolerancia.com/diversidad-recursos-educativos/>

ENLACES ESPECÍFICOS

Sabendo que a poboación dentro do espectro do autismo é especialmente vulnerable nesta situación achegamos unha serie de páxinas que poden axudarnos a orientar e traballar co noso alumnado TEA:

<https://infantildiversa.blogspot.com/p/aula-tea.html?m=1&fbclid=IwAR3TtZmLsoN3mzLywFf8BMUNN2iN5XIqtUesolqd1ONDByJRAzEIntaTRdE> Actividades variadas planificadas por unha mestra de PT para alumnado ANEAE.

https://www.autismogalicia.org/index.php?&PHPSESSID=edkolrqpikahnar75gqifm60a2&V_dir=MSC&V_mod=shownews&idn=2239&PHPSESSID=edkolrqpikahnar75gqifm60a2&&V_idmod=62&id=2239 Na páxina de autismo Galicia hai un apartado moi interesante de TEAconsellos sobre moitos aspectos que debemos ter en conta no confinamento coas persoas con TEA.

<http://aetapi.org/listado-de-materiales-y-recursos-de-apoyo/>. Na páxina da Asociación de profesionais do traballo con persoas do espectro do autismo hai un apartado onde podedes atopar recursos e compartir algún que teñades creado que poda ser interesante.

<http://www.autismo.org.es> Na páxina de Autismo España podedes atopar información de interese e recursos para denunciar posibles incidencias relacionadas co COVID-19

<https://nostamencreamosceesantamaria.blogspot.com>. As compañeiras do CEE Sta. María de Lugo recollen propostas e traballos no seu blog ao que podedes acceder tamén desde a páxina web do centro.

<https://elsonidodelahierbaelcrecer.blogspot.com>, páxina onde se poden atopar recursos de actividades variadas adaptadas para os nenos e nenas con TEA.

<http://aulaabierta.arasaac.org> A páxina de Arasaac ofrece multitude de recursos entre eles unha aula aberta de formación para quen teña interese.

<https://aprendicesvisuales.com>, nesta páxina atoparás recursos e contos adaptados para nenos/as con TEA.

<https://www.soyvisual.org> Na páxina Soy Visual de Fundación Orange atoparedes moitos recursos para o traballo de diferentes aspectos relacionados co TEA. Na páxina da fundación podedes acceder ao apartado de autismo onde atoparedes cortometraxes, películas que se poden aproveitar para o traballo e sensibilización da comunidade educativa tamén neste tempo de confinamento.

<https://creandoenespecial.blogspot.com>, atoparedes materias diversos para persoas neurodiversas.